

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

BASES PROGRAMA DE AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2017

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada coa data 10 de abril de 2017 aprobou as seguintes BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2017, así como a súa publicación no B.O.P. :

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2017

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2017

BASE 1ª.—OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2017 do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2.—BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 2 de decembro de 2016 e o 1 de outubro de 2017 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.). Para o carácter de PEME terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea.

1.3.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vilagarcía de Arousa.
- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios, exceptuando aqueles traspasos que se realicen entre cónxuxes ou parellas de feito e familiares por consanguinidade, afinidade ou



adopción ata o segundo grao inclusive, así como as transformacións de forma xurídica.

- Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.
- Non ter débedas co Concello de Vilagarcía de Arousa, nin a empresa nin as persoas socias.
- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

1.4 — TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 2.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos realizados dende dous meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes.

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución: Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a 1) Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a 2) Licenza de obra e licenza de apertura
- a 3) Alta no Rexistro Mercantil
- a 4) Certificación negativa do nome da sociedade
- a 5) Honorarios de notaría por escrituras públicas
- a 6) Publicación no BORME



a 7) Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

b) Existencias iniciais de mercadorías: Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer de local, do vehículo industrial, de aplicacións informáticas e de equipos informáticos: Serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

d) Primas de seguros: Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

e) Subministracións e gastos correntes. Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

e 1) Auga

e 2) Teléfono

e 3) Electricidade

e 4) Gasóleo / gasolina

e 5) Material de oficina

e 6) Asesoría (só cotas mensuais)

e 7) Gas

e 8) Equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)

f) Dereitos de propiedade industrial: Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

f 1) Patentes

f 2) Modelos de utilidade

f 3) Deseño industrial

f 4) Marcas de produtos ou servizos

f 5) Nomes comerciais



f 6) Dominio en Internet

g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM): Será subvencionable o 50% do custo deste imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

1.5.—RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN**2.1.—INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS**

A Concellería de Promoción Económica será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas e o seu acordo será notificado individualmente na dirección indicada na solicitude.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na páxina web do Concello www.vilagarcia.es.



2.2.— TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

- De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Vilagarcía o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.
- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.4 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.
- No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista no artigo 1.4.2.
- Conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.
- Este requirimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade coa base 3.1 resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigacións tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.
- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
- Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.
- Para as accións de control e seguimento, a Concellería de Promoción Económica poderá requirirle aos/ás empresarios/as e/ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.



BASE 3ª.—SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN**3.1.—SOLICITUDES**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da ley 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Promoción Económica debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III).
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo IV).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo V).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- NIF/DNI (copia compulsada) da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e mais das persoas socias que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
- Facturas(orixinal ou copia compulsada) dos gastos para os que se solicitou a subvención .
- As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 do 30 de Novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:
 - Número e, no seu caso, serie.
 - Data da súa expedición.
 - Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/da destinatario/a das operacións.
 - Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.



- Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
- Cota tributaria que, no seu caso, repercuta, consignada por separado.
- Especificación, por separado, da parte de base imponible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.
 - No caso de facturas referentes a alugueres de locais deberá presentar xunto coa factura o correspondente contrato de aluguer.
 - No caso de facturas referentes aos seguros, deberá presentar xunto coa factura, póliza do mesmos.
 - Documentos bancarios de aboamento das facturas presentadas, debidamente selados pola entidade bancaria, constandingo, debidamente identificados o emisor, receptor e concepto a que se refire o cargo bancario, así como o número de factura a que corresponde.
 - Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (Anexo VI).
 - Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
 - Documento acreditativo do abono das taxas de licencias, indicando a contía aboada.
 - Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais(Anexo VII)
 - Declaración xurada do/a perceptor/a (Anexo VIII), acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada. (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios)
 - Que foron aboadas ás persoas expedicionarias ou, no seu caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.



Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirse da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A estes efectos será válida a comunicación efectuada electrónicamente na dirección de Correo Electrónico consignada no impreso de solicitude

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de Valoración integrada polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, quen decida.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.

3.2.—OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello Vilagarcía.
- Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Manter a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos. No suposto de darse de baixa ou modificar a actividade para a que se solicitou a subvención, con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilagarcía ata o último día do mes posterior a dita baixa ou modificación. O incumprimento desta obriga de comunicación pola persoa beneficiaria, comportará o reintegro da totalidade da axuda.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal,



toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3.3.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os prazos de presentación de solicitudes, serán os que se indican a continuación ou ata esgotar o orzamento, e se contarán a partir o día seguinte á data da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 2 de decembro e o 31 de decembro de 2016, será ata o 1 de setembro de 2017.

O prazo de presentación de solicitudes para as empresas que iniciaran a súa actividade a partir do 1 de xaneiro de 2017, será ata o 1 de outubro de 2017.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do concello.

BASE 4ª.—CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. O servizo xestor (Concellería de Promoción Económica) que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación d a subvención, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de Promoción Económica.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de dous meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello. As solicitudes iran resolvéndose a medida que se vaian presentando.

3. Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

4. O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado individualmente na dirección indicada na solicitude.



Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5. Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun pagamento único

6. Notificada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (que será subministrado pola Concellería de Promoción Económica), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa.

BASE 5ª. PUBLICIDADE

5.1.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

A presente convocatoria, as Bases Reguladoras e modelos normalizados de solicitude das axudas para o ano 2017 do Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicarase e estarán a disposición dos interesados, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web www.vilagarcia.es e no Taboleiro de Edictos, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

5.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na páxina web do Concello www.vilagarcia.es.

5.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria, deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Promoción Económica.

BASE 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.



BASE 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve.

BASE 8ª.—SEGUIMENTO DAS AXUDAS

A Concellería de Promoción Económica, realizará o seguimento das actividades obxecto de subvención

CAUSAS DE REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e exixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que houberan impedido a súa obtención.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actividade obxecto de subvención

c) Resistencia, excusa obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera Administracións ou entes públicos.



PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA AXUDA E REINTEGRO

O procedemento de reintegro de subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedidas, no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da CCAA, con anterioridade a dictarse a proposta de pagamento da subvención.

Procederá o reintegro total da axuda concedida no caso de incumprir a obriga de comunicar a obtención doutras axudas incompatibles.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida no caso de non cumprir a obriga de manter a actividade durante dous anos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

Procederá o reintegro parcial do 2% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de cumprir coas medidas de publicidade da cofinanciación polo Concello de Vilagarcía, establecida na BASE 5ª punto 5.3.

Procederá o reintegro parcial polo exceso de financiamento, segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención de outras axudas no caso de que estas sexan compatibles.

Procederá o reintegro do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas, no caso de que estas sexan compatibles.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexistaltivo 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións da Orde Social, e da Lei 9/2007, do 13 xuño.



BASE 9ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, que aprobou o seu regulamento, a lexislación básica do estado en materia de Réxime Local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas presentes Bases Regulatoras, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 10ª.—DISPOSICIÓN ADICIONAIS**DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 241-470 “Fomento de empresas – subvencións para o fomento do emprego” do orzamento municipal para o ano 2017, cun importe total de 46.000 €

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Vilagarcía 10 de abril de 2017.—O Alcalde-Presidente, Alberto Varela Paz



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017

ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome/Razón Social	NIF.
Representante	DNI.
Enderezo Social	Tfno.
Localidade C.P.	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN E CONTACTO PARA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Persoa de contacto :	
Enderezo postal	TLF:
Dirección de Correo E. a efectos de notificacións:	
Localidade	

EXPOÑO:

Que á vista do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación das Bases e convocatoria para o ano 2017 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, e despois de coñecer e aceptar as súas bases reguladoras,

DECLARO:

- Que **ACEPTO** as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento do Servizo de Promoción Económica, segundo o estipulado nas bases e convocatoria para o ano 2017 do Programa de Axudas á Creación de Empresas.

SOLICITO:

A concesión da correspondente axuda para a creación de empresas, por importe total de euros, de acordo co especificado nas bases reguladoras e convocatoria.

Vilagarcía de Arousa, de de 2017

Sinatura do/a solicitante ou representante)

É imprescindible cubrir todos os datos, marcar cun X as declaracións e asinar a solicitude e numerar todas as follas presentadas



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Paxde

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Para a solicitude da Axuda Municipal á Creación de Empresa presentarase a seguinte documentación (**orixinal** ou **copia compulsada**):

- **Anexo I.** Solicitude en modelo normalizado.
- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (**Anexo II**).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (**Anexo III**).
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (**Anexo IV**).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (**Anexo V**).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- NIF/DNI (**copia compulsada**) da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e mais das persoas socias que se autoempreguen).
- **Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual** que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- **Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral** dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
- Facturas(**orixinal** ou **copia compulsada**) dos gastos para os que se solicitou a subvención xunto coa póliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso.
- **Documentos bancarios de aboamento das facturas presentadas**, debidamente selados pola entidade bancaria, constando debidamente identificados o emisor, receptor e concepto a que se refire o cargo bancario, así como o número de factura a que corresponde.
- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (**Anexo VI**).



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

— Pax.....de.....

- Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais (**Anexo VII**)
- **Solicitud de licenza** de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Documento acreditativo do **abono das taxas** de licencias, indicando a contía aboada.
- Declaración xurada do/a perceptor/a (**Anexo VIII**), acreditativa de que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

Don/Dona....., con DNI,
en representación da empresa, co NIF
....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do
Programa de Axudas Municipáis á Creación de Empresas do Concello de Vilagarcía de Arousa,

DECLARA que a empresa cumpre os requisitos dos puntos 1.2 e 1.3 da base 1ª das bases
reguladoras e convocatoria do Programa de Axudas Municipáis á Creación de Empresas:

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE (1.2. da base 1ª)	SI	NON
Son un empresario /a individual ou unha PEME		
A empresa iniciou a actividade entre o 2 /12/ 2016 e 1 /10/2017		

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE (1.3. da base 1ª)	SI	NON
A miña empresa ten o domicilio social en Vilagarcía de Arousa		
É unha empresa de nova creación (non é transformación de forma xurídica)		
Creí, como mínimo o meu posto de traballo ou o de algún dos promotores		
A empresa e todos os promotores non teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e facenda, coa AEAT, nin co Concello de Vilagarcía de Arousa		
Non estou incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 10 da Ley de Subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Ley da Lei Xeral de Subvencións (nin a empresa nin os promotores)		

Coa solicitude INESCUSABLEMENTE deberá achegar esta declaración debidamente cuberta e asinada. Deberá marcar todas as casillas cun X na columna correspondente.

Vilagarcía de Arousadede 2017

Asdo.....



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

ANEXO III. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
POBOACIÓN (INDICAR C.P.)			TELÉFONO
DATOS DA CONTA			
IBAN	Cod. Banco	Sucursal	DC
Código Conta			
ENDEREZO			C.P.
LOCALIDADE			
DECLARO			
Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta do beneficiario/a			
Vilagarcía de Arousa,....de.....de 2017			
Sinatura do solicitante		Sinatura e selo da Entidade Bancaria	

Este documento deberá ter as sinaturas e selo correspondente para ser válido





Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

ANEXO IV. DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona, con DNI, en representación da empresa, co NIF....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do Programa de Axudas á Creación de Empresas do Concello de Vilagarcía de Arousa, **DECLARO:**

- Non ter **solicitada** ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para a constitución como autónomo/a ou para a creación da empresa á que represento.

- Ter **solicitado e/ou concedida** as seguintes subvencións de administracións ou entidades públicas **para a mesma actividade ou proxecto:**

Solicitada	Concedida	Importe	Organismo	Concepto

Vilagarcía de Arousadede 2017

Asdo.....



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

ANEXO V. MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL

1.DATOS PERSOAIS (Relacionarase a todos os promotores)

PROMOTOR/A 1

Apelidos e nome		NIF
Teléfono	Data de nacemento	Tempo de permanencia en desemprego

PROMOTOR/A 2

Apelidos e nome		NIF
Teléfono	Data de nacemento	Tempo de permanencia en desemprego

PROMOTOR/A 3

Apelidos e nome		NIF
Teléfono	Data de nacemento	Tempo de permanencia en desemprego

2.DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

2.1. DESCRICIÓN DA/S ACTIVIDADE/S

Definición da actividade que se vai a desenvolver

2.2. DATOS DO PROXECTO

Nome da empresa (razón social ou nome comercial)		NIF	
Enderezo Social			
Localidade		Código Postal	Provincia
Teléfono	Fax	Epígrafe IAE	Data inicio Actividade
Forma Xurídica			



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de

2.3. CREACIÓN DE EMPREGO

Número de postos de traballo creados :
Promotores autoempregados:
Traballador/es contratado/s:
Para as contratacións por conta allea: Tipos de contrato utilizados, duración (indefinido, temporal), xornada (tempo completo, media xornada)

3. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

3.1. PLAN DE INVERSIÓN E FINANCIACIÓN INICIAL

Concepto	Custo	IVE
ACTIVO NON CORRENTE		
Inmovilizado intanxible		
Inmovilizado material		
Inmovilizado Financieiro		
ACTIVO CORRENTE		
Circulante		
TOTAL INVERSIÓN		

CALCULO DA AMORTIZACIÓN

Concepto	Para amortizar	Anos
Amortización do inmovilizado intanxible		
Amortización do inmovilizado material		
TOTAL COTA AMORTIZACIÓN ANUAL		

PLAN DE FINANCIAMENTO

Concepto	Importe
Achegas de socios/as	
Préstamos	
Subvencións	
Outros	
TOTAL FINANCIAMENTO	



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

3.2. CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL

CONCEPTO	ANO 1	ANO 2
Ingresos		
Vendas ou prestación de servizos		
Outros ingresos		
Gastos variables		
Gastos por compras		
Outros gastos variables		
Gastos de persoal		
Anticipos do promotores		
Soldos e salarios		
Seguridade Social		
Servizos exteriores		
Alugueiro		
Material de oficina		
Servizos profesionais independentes (asesoría, ...)		
Primas de seguros		
Suministracións (auga, electricidade, gas, ...)		
Gasto teléfono		
Publicidade, imprenta, propaganda...		
Transportes		
Servizos bancarios e similares		
Cota de leasing/renting		
Reparacións, conservacións e outros		
Tributos		
IAE		
Lixo		
Gastos financeiros		
Outros (desconto, tarxetas...)		
INGRESOS-GASTOS		
Amortización do inmovilizado		
BAIT		
Xuros do préstamo		
BAT		
Imposto sobre beneficio		
BENEFICIO NETO		



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

3.3. INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE

GASTOS DE CONSTITUCIÓN E APERTURA	Base imponible	% IVE	Importe
Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos			
Licenza de obra e/ou apertura			
Alta no Rexistro Mercantil			
Certificación negativa do nome da sociedade			
Honorarios de notarías por escrituras públicas			
Publicación no Borme			
Modelo 600 da Xunta de constitución de empresa			
MERCADORÍAS INICIAIS			
Primeiras compras de mercadorías			
Compras de materias primas			
Outros consumibles utilizados no proceso de produción			
Subscrición a revistas, libros profesionais,...			
GASTOS DE ARRENDAMENTO DO LOCAL			
Naves			
Oficinas			
Outros locais auxiliares			
PRIMAS DE SEGUROS			
Responsabilidade Civil			
Local (Roubio, incendio...)			
Outros (máximo un vehículo imprescindible)			
SUBMINISTRACIÓNS E GASTOS CORRENTES			
Auga			
Teléfono			
Electricidade			
Gasóleo / gasolina			
Material de oficina			
Asesoría			
Gas			
Equipos de seguridade nas súas instalacións (cota mensual)			
DEREITOS DE PROPIEADE INDUSTRIAL			
Patentes			
Modelos de utilidade			
Deseño industrial			
Marcas de produtos ou servizos			
Nomes comerciais			
Dominios en Internet			
IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA			
Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica			
TOTAL INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE			

Vilagarcía de Arousa , de 2017

Asdo:

pax.....de.....



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

ANEXO VI. RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS

Núm factura (1)	Gasto Subvencionable (2)	Proveedor/ empresa	Data da factura	Importe Sen IVE	IVE	Importe total	Data de pagamento

(1) Número que consta na factura
 (2) Gastos subvencionables, según se recolle na Base 1ª, punto 4 especificar o tipo de gasto subvencionable. No caso de ter máis facturas das que pode conter na táboa, achegue fotocopias deste anexo.

Vilagarcía de Arousa , de de 2017

Asdo:

Pax.....de.....

Código seguro de verificación: 51SB0K7XBH196HZ0



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

ANEXO VII. DECLARACIÓN XURADA DE QUE AS FACTURAS SUBVENCIONADAS, RELACIONADAS E PRESENTADAS SON ORIXINAIS

Don/Dona, co DNI, en representación da empresa, co NIF, solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vilagarcía de Arousa,

DECLARA que **as facturas presentadas** para o dito Programa **son orixinais**.

Vilagarcía de Arousa , de de 2017

Asdo:



Nº EXPEDIENTE	NOME DA EMPRESA

Pax.....de.....

ANEXO VIII. DECLARACIÓN XURADA DO PERCEPTOR

Don/Dona, co DNI, en representación da empresa, co NIF, solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vilagarcía de Arousa , baixo xuramento

DECLARA:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Que cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Vilagarcía de Arousa, de 2017

Asdo:

Estes datos serán tratados de acordo coa Ley Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter persoal (OPD) recolléndose no ficheiro "Registro xeral entrada/salida" debidamente inscrito na Axencia de Protección de Datos, cuxo Responsable é o Concello de Vilagarcía de Arousa e cuxa solicitude é necesaria ao obxecto dos fins que se definen na convocatoria desta axuda concedida pola Concellería de Promoción Económica. O/A interesado/a poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose á Secretaría Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, situada en Praza de Ravella 1, C.P. 36600- Vilagarcía de Arousa, ou ao teléfono 986099200

Paxde.....

